



Diversidade

na Rede

Ronsel de futuro. Rumbo 2030

Rede Museística Provincial de Lugo



Alumnado de
2º ciclo de infantil e
1º e 2º de Primaria



Este caderno é de



Museos da Rede Museística Provincial de Lugo Visitas virtuais

**Museo
Provincial
do Mar**

<https://my.matterport.com/show/?m=vvPNxRBDq&brand=0>

**Museo
Provincial
de Lugo**


<https://my.matterport.com/show/?m=BV1eVvWJl&brand=0>

**Museo
Fortaleza
San Paio
de Narla**

<https://my.matterport.com/show/?m=tY1c577bxD5>

**Museo
Pazo
de Tor**

https://my.matterport.com/show/?m=w41_GS96pger&brand=0






Actividades

- ◆ Un mosaico diversx: os traballos de Hércules
- ◆ Museum Outing. Museos que saen do armario





Un mosaico diverso: os traballos de Hércules



Mosaico dos traballos de Hércules
Liria (Valencia) Século III n. e.
Museo Arqueolóxico Nacional





Fíxate nesta imaxe. Que ves?

No centro está Hércules coa raiña Ónfale. Hércules está de pé vestido de muller e fiando a lá. Ónfale está sentada e leva a maza de Hércules. Ao redor hai imaxes dos 12 traballos de Hércules.

Mosaico dos traballo de Hércules
Liria (Valencia) Século III n. e.
Museo Arqueolóxico Nacional

Agora pensa nestas palabras. Son o mesmo?

Modisto e modista

Porteiro e porteira

Cociñeira e cociñeiro

Bruxo e bruxa


Porque non hai traballos só para mulleres nin outros só para homes, vouche contar agora a historia de John Deere. Este home construíu os mellores arados para traballar a terra grazas ao que aprendeu cando traballaba nun taller de costura.

Xogamos?




Hércules tivo que viaxar moitísimo para completar os seus traballos. Aprendamos agora outros oficios que non son nin de mulleres nin de homes soamente. Coñécelos?

Completa o camiño que une cada traballo co seu obxecto e indica en voz alta en que están facendo esas persoas e para que lles serve ese obxecto.





Museum Outing: museos que saen do armario




**Presentámosche a Xes.
Xes é diversa e colorida.**



O meu nome é Xes e son unha muller trans. Adoro o meu traballo no museo explicando as coleccións a quen se achegue, en especial se son colexios ou institutos. A miña parte preferida son as salas de Arte Moderna e Contemporánea, sobre todo as obras de Maruja Mallo. Eu agora síntome unha muller libre, guíome polo instinto, o respecto e amor a todas as persoas. Porén, houbo un tempo no que a dor impedíame sorrir. Unha dor afiada polos prexuízos da xente que non entende o que é ser diferente.

Pero o apoio da miña familia e amigxs fortalecéronme ata ser o que hoxe vedes: unha muller con orgullo cuxa identidade está construída a partir de mulleres referentes como Julia Mingullón ou M^a Paz Taboada.

Diversigualdade na Rede.
Rede Museística Provincial de Lugo



Pinta con todas as cores
posibles a nosa Xes.



Datos de contacto:

Rede Museística Provincial de Lugo
<https://comunidadermpl.es/>

Correo electrónico:
comunidadermpl@gmail.com



Cultura



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

